

CONCURSO DE DISFRACES E COMPARSAS DO CIFP SOMESO

BASES

O EQUIPO DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA do CIFP Someso convoca o **CONCURSO DE COMPARSAS PARA GRUPOS-CICLOS**, con motivo do Entroido.

1. Poderán participar todo o **alumnado** do CIFP Someso, non podendo facelo persoas alleas ao centro.

2. Cada **grupo** poderá presentar unha única comparsa (formada por un mínimo de **3 participantes**). Neste ano o formato é un TikTok.

3. Os participantes responderán persoalmente da orixinalidade da comparsa.

5. Na comparsa poderase utilizar: **vestiario + música. Neste ano as máscaras terán un papel relevante cara ao veredito do xurado.**

6. O EDLG resérvase o dereito de rexeitar as comparsas desagradables ou ofensivas.

7. O EDLG resérvase o dereito de suspender o concurso por causas xustificadas se así o decidisen os seus membros.

8. O desfile de comparsas celebrarase na modalidade virtual, expoñendo durante toda a semana do 21 ao 25 de febreiro os videos TikTok.

9. O xurado dará os premios ás comparsas gañadoras o día 25 de febreiro as 13:00 nun acto de celebración do entroido que se fará nos exteriores do centro.

10. Participar neste concurso supón a aceptación das presentes bases.

11. Haberá premios para as seguintes modalidades:

- **PREMIO PARA A COMPARSA MÁIS ORIXINAL (VESTIARIO E MONTAXE).**
- **PREMIO PARA A MELLOR COREOGRAFÍA.**

12. Nomearase como xurado aos membros do EDLG e algún membro do personal docente ou non docente.

13. O video TikTok enviarase ao correo:

xefatura.estudos.cifp.someso@edu.xunta.es

E indicarse o nome da comparsa, os participantes e o ciclo formativo.